

Diversas entidades teñen solicitado a concesión da **Medalla de Galicia** para o **IES Lucus Augusti** (Concello de Lugo, Círculo das Artes, Museo do Castro de Viladonga...).

A decisión non se coñecerá ata mediados do mes de xullo.

## Anexo 1

### **Antecedentes**

No ano 1837, a Deputación provincial solicita a fundación en Lugo dunha *Universidade de provincias*. Posteriormente, coa estabilización do réxime de Espartero, D. José Jorge de la Peña -futuro primeiro director do centro- será comisionado pola Deputación para defender ante o Goberno da nación a creación dun **Instituto Superior de Segunda Ensinanza** na capital lucense. Dito feito concretarase, sendo presidente do consello de Ministros o lucense Marqués de Rodil, nunha Real Orde de 30 de novembro de **1842**.

Logo de pasar por tres localizacións diferentes en Lugo e Monforte, sempre baixo a tutela da Deputación, o Instituto instalárase en 1873 nos locais da rúa san Marcos, que compartirá en feliz maridaxe coa institución provincial ata o seu traslado definitivo en 1950 ao actual edificio da avenida Rodríguez Mourelo.

O **IES Lucus Augusti** é, xa que logo, un centro educativo de dilatada historia e todo un referente cultural da cidade e a provincia de Lugo. Representa o centro de ensino secundario máis antigo de Galicia e un dos máis veteranos de todo o territorio nacional. Polas súas aulas pasaron, ben como alumnos, ben como profesores, personalidades destacadas en diversos campos das ciencias, as artes, as letras, a política...: Armando Durán, J. Rodríguez Mourelo, M. Castro Gil, Julia Minguillón, Tino Grandío, Evaristo Correa Calderón, Antón Villar

Ponte, X. Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Álvaro Cunqueiro, Luis Pimentel, Ánxel Fole, Manuel María, Uxío Novoneyra, Leopoldo Calvo Sotelo, Manuel Fraga e un longuísimo etcétera.

Por tal motivo, o Exmo. Concello de Lugo

### **SOLICITA**

Ile sexa concedida por parte da Xunta de Galicia a **medalla de ouro de Galicia** ao IES Lucus Augusti, que este ano celebra os 175 anos da súa creación, recoñecendo deste xeito non só o labor desempeñado por esta senlleira institución senón tamén en representación de todo o benemérito ensino secundario da nosa Comunidade.

Asdo. Lara Méndez

Alcaldesa de Lugo

## Anexo 2



Lugo, 16 de xaneiro de 2018

O **Instituto de Educación Secundaria *Lucus Augusti*** é un centro educativo de dilatada historia e constitúe un referente cultural da cidade e a provincia de Lugo. Representa a institución de ensino secundario máis antiga de Galicia e unha das máis veteranas de toda España. Polas súas aulas pasaron numerosos alumnos e profesores que destacarían en diversos campos da vida social, da arte, a literatura, etc.: Manuel Castro Gil, Julia Minguillón, Tino Grandío, Evaristo Correa Calderón, Xosé Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro, Luis Pimentel, Ánxel Fole, Manuel María, Uxío Novoneyra, Leopoldo Calvo Sotelo, Manuel Fraga, Xesús Alonso Montero e un longuísimo etcétera.

Por tal motivo, a Directiva do Círculo das Artes de Lugo

### **SOLICITA**

Ile sexa concedida unha **medalla de Galicia** ao IES *Lucus Augusti*, que este ano celebra os 175 anos da súa creación, recoñecendo así o labor desempeñado por esta institución representativa do ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Asdo. Miguel Ángel Caraduje Somoza

Presidente do Círculo das Artes de Lugo

Sr. VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICAS E XUSTIZA da XUNTA DE GALICIA.

